

## DOCUMENTACIÓN: BECAS EXCELENCIA XUVENTUDE EXTERIOR 2019

As persoas solicitantes deben anexar na aplicación informática e enviar a seguinte documentación escaneada:

1. Documentación acreditativa da **identidade e nacionalidade española**. Pódese acreditar con calquera destes documentos:

1.1) Documento Nacional de Identidade español.

1.2) Pasaporte español

1.3) Pasaporte ou cédula de identidade doutro país e tamén neste caso debe achegar o certificado de inscrición de nacemento no consulado español.

2. Documentación acreditativa da residencia **actual** no estranxeiro.

Este requisito pódese xustificar con calquera da seguinte documentación: certificado de inscrición no Rexistro de Matrícula Consular correspondente á demarcación na que teña o seu domicilio, certificado da policía, certificado de empadramento, constancia de residencia actual no seu concello ou localidade, acta notarial, nómina actual, etc.

3. Documentación xustificativa do tempo de residencia no estranxeiro durante un mínimo de **dous anos** ininterrompidos inmediatamente anteriores á data de presentación da solicitude.

Este requisito de dous anos ininterrompidos pódese acreditar con calquera da seguinte documentación:

- Certificado de inscrición de matrícula no Rexistro de Matrícula Consular (certificado que se pide no Consulado de España do seu país de residencia e acredita a data desde que se está inscrito como residente no estranxeiro ata a actualidade).

- Páxina do pasaporte español co selo do consulado que acredita a data desde a que se reside no exterior.

- Contratos de traballo con prórrogas e nóminas.

- Historia ou vida laboral (employment history).

- Constancia de residencia nun domicilio no seu país de residencia.

- Comprobante de pago de impostos no caso de persoas que residan en Reino Unido (council tax bill, certificate of UK fiscal residence).

- Cursos de idiomas, universitarios, posgrao, extracto bancario de movementos, etc.

4. Documentación acreditativa da súa **vinculación con Galicia**:

4.1) As persoas nadas en Galicia: DNI español ou pasaporte español ou certificado de nacemento.

4.2) As persoas non nadas en Galicia e que residiran nesta comunidade autónoma de xeito continuado durante dez anos con nacionalidade española antes de emigrar: certificado histórico de empadramento nun concello galego acreditativo desta residencia de dez anos.

4.3) Os descendentes dalgunha das persoas sinaladas nos dous subapartados anteriores e nados no estranxeiro, deben acreditar toda a liña de descendencia desde a persoa nacida en Galicia ou que residira dez anos en Galicia, ata a persoa solicitante da bolsa a través de certificados de nacemento, ou libros de familia, etc. Por exemplo: débese acreditar o nacemento do/a avó/a en Galicia, o do teu pai ou nai (como fillo/a seu) e por último o teu nacemento.

5. Para os solicitantes **nados no estranxeiro**, documentación acreditativa da súa vinculación cun concello galego, presentando o certificado do Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro (PERE) .

Este certificado do PERE (Padrón de Españois Residentes no Estranxeiro) debe solicitarse por correo electrónico ao INE (Instituto Nacional de Estadística) da provincia a que pertenza en Galicia o concello galego ao que estás vinculado. Debes enviar un formulario (que podes descargar en preguntas frecuentes da web) e enviar tamén unha copia do teu pasaporte ou DNI escaneado. O INE enviarache o certificado do PERE en poucos días por correo electrónico.

INE OURENSE: [dp-ourense@ine.es](mailto:dp-ourense@ine.es)

INE PONTEVEDRA: [dpoce.pontevedra@ine.es](mailto:dpoce.pontevedra@ine.es)

INE A CORUÑA: [dpoce.coruna@ine.es](mailto:dpoce.coruna@ine.es)

INE LUGO: [dp-lugo@ine.es](mailto:dp-lugo@ine.es)

6. **Título universitario** que dea acceso ao máster ou certificado que acredite que o título está en trámite.

7. No caso de **titulacións españolas**, deben presentar o **certificado do expediente académico** de finalización de estudos universitarios no que conste a nota media na escala numérica de 0-10.

8. No caso de **titulacións obtidas no estranxeiro**, se deben presentar dous documentos:

8.1) Certificado do expediente académico ou histórico escolar no que conste a **nota mínima aprobatoria nesa titulación**, así como as materias cursadas na totalidade dos cursos coas cualificacións obtidas, especificando no seu caso o número de créditos de cada asignatura.

8.2) **Documento de declaración de equivalencia** das notas medias de estudos e títulos universitarios realizados no estranxeiro aos correspondentes españois, que se realizará on - line a través da [sede electrónica do Ministerio de Educación e Formación Profesional de España](#)

Para tramitar esta declaración de equivalencia tes mais información no apartado de preguntas frecuentes da web da Secretaría Xeral da Emigración (<http://www.emigracion.xunta.gal>) .